



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

## XUNTA DE GOBERNO LOCAL

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2007

### **Alcalde-Presidente:**

D. Manuel anxo Taboada Rodríguez.

### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup> Araceli Río Bimbiela.

D. Roberto Iglesias Delgado.

D. Ildfonso Piñeiro Díaz.

### **Secretario:**

D. Rafael del Barrio Berbel.

### **Ausentes:**

D. Xesús Mazaira Varela, que xustificou a súa ausencia.

No despacho da Alcaldía da Casa do Concello de Chantada, sendo as dezasete horas e trinta minutos do día catro de outubro de dous mil sete, reuníronse logo da convocatoria, en legal forma practicada, os concelleiros que arriba se relacionan e que constitúen a maioría absoluta das que compoñen a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do alcalde, e asistidos por min, o secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a

## **ORDE DO DÍA**

### **1. - APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

De orde da presidencia procedeuse á lectura da acta, en borrador, da sesión anterior, correspondente á ordinaria de data 20/09/2007.

Dáse a coñece-lo erro material do acordo 5.1.- *Convocatoria proceso selectivo contratación profesores de música para a escola de Chantada, curso 2007-2008*; e repárase no seguinte sentido: onde di: durante o curso 2007-2008 (1/10/2007 a 30/06/2007); debe dicir: durante o curso 2007-2008 (1/10/2007 a 30/06/2008).

Sometida a votación foi aprobada por unanimidade.

### **2. - DADA CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.**

- DECRETO 14/09/2007. - Solicitud de informes e suspensión dos prazos para resolver o recurso de reposición de data 14/08/2007 contra decreto alcaldía de data 6/07/2007 de anulación licenza urbanística e de actividade provisional para ampliación de gando vacún en Mouricios-San Cristovo. Expte. 27/2005.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

-DECRETO 17/09/2007.- Aprobación convenio de colaboración para a recadación de ingresos a través de entidades de depósito.

-DECRETO 18/09/2007.- Concesión vao permanente c/ Santa Mariña nº 18, baixo-. Expte 2.3.3/12/2007.

-DECRETO 18/09/2007.- Concesión vao permanente c/ Rosalía de Castro nº 5 baixo-. Expte .3.3/15/2007.

-DECRETO 19/09/2007. Solicitud exención IVTM. D. Benigno Castro Rodríguez, Expe. 4.2.1/65/07.

-DECRETO 19/09/2007.- Baixa servizo recollida de lixo. D. Luís Somoza Méndez, Expte 4.2.2/30/2007.

-DECRETO 19/09/2007.- Baixa servizo recollida de lixo. D<sup>a</sup> Luísa Figueiras Cervelo, Expte 4.2.2/29/2007.

-DECRETO 19/09/2007.- Baixa servizo recollida de lixo. D. José Argiz López, Expte 4.2.2/28/2007.

-DECRETO 18/09/2007.- Concesión licenza de obra menor estrutura de cuberta de terraza. D. José Pereira Moure. Expte 3.1.2./64/2007.

-DECRETO 19/09/2007.- Determinación días festivos locais ano 2008 en Chantada.

-DECRETO 30/07/2007.- Contrato menor servizo asistencia técnica programas de xestión e recadación de tributos.

-DECRETO 27/09/2007.- Contratación persoal laboral temporal, obra ou servizo de normalización lingüística. Expte 242/07/2007.

-DECRETO 27/09/2007.- Devolución aval, concurso “Urbanización calle Manuel Formoso Lamas y prolongación 1<sup>a</sup> y 2<sup>a</sup> fase”.

-DECRETO 27/09/2007. Requirimento situación vao permanente”, D. José Antonio Gil Blanco.

-DECRETO 27/09/2007.- Devolución ingresos indebidos, D. Ricardo González Pérez, Expte 9.2.1/64/2007.

-DECRETO 28/09/2007.- Aprobación liquidacións prezo público verteduras de entullos meses de xullo e agosto, Expte: 422/17/2007.

DECRETO 1/10/2007.- Aprobación liquidacións prezo público verteduras de entullos meses de marzo e abril, Expte: 422/17/2007.

### **3.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA.**

**No se trataron.**

### **4.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.**



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

## 4.1.- Contratación profesores de música para a escola de Chantada, curso 2007-2008.

Iniciado o correspondente expediente para a contratación, en réxime laboral, por obra ou servizo de duración determinada, de 11 profesores e un auxiliar administrativo para a escola de música de Chantada durante o curso 2007-2008.

Visto o informe da interventora municipal de data 17/09/2007 sobre a existencia de consignación presupostaria.

Visto o anuncio publicado no diario de ámbito provincial "O progreso", dando un prazo de 5 días naturais para a presentación de solicitudes.

Vista a acta do tribunal de valoración de data 4/10/2007, na que se propón a relación de candidatos seleccionados para o seu nomeamento polo órgano competente.

Considerando o establecido en canto ao réxime do persoal laboral ao servizo das Entidades Locais nos artigos 89, 90, 91 e 103 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local; no artigo 177 do RDLex. 781/86, do 18 de abril, texto refundido de réxime local; nos artigos 1, 4, 9, 10 e 25.2 da Lei 4/88, do 26 de maio, de función pública de Galicia; nos artigos 1, 20 e seguintes do Decreto 95/91, do 20 de marzo, Regulamento de selección do persoal ao servizo da Administración autonómica de Galicia; e no RDLex. 1/95, do 24 de marzo, texto refundido do estatuto dos traballadores.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 h) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL): desempeñar *a xefatura de todo o persoal, e acordar o seu nomeamento*.

Considerando o disposto nos artigos 21.1 e 23,2,b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 53,2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e o decreto de alcaldía de data 29/08/2007, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO. - Contratar, en réxime laboral, por obra ou servizo de duración determinada, os seguintes profesores e un auxiliar administrativo para a escola de música de Chantada durante o curso 2007-2008 (15/10/2007 a 15/07/2008).

M<sup>a</sup> Luísa Álvarez Cid, DNI 76619890-J (Danza)  
Carla Suárez Sierra, DNI 44492751-X (Oboe)  
José Manuel Mosquera González, DNI 76624091-M (Clarinete)  
Manuel Sánchez Sánchez, DNI 76622638-R (Percusión)  
Marcos Fernández Varela, DNI 76580038-C (Piano)  
Tania González Kennedy, DNI 34990800-A (Flauta)  
Manuel Angel Fabián Lemos, DNI 34269914-E (Música e movemento)  
Juan Carlos López Vázquez, DNI 34262222-L (Gaita)  
María Gómez Montenegro, DNI 76624239-S (Guitarra)  
Carlos Cortés González, DNI 76911607K (Trompeta)  
Alberto Loureiro Casas, DNI 44477541-A (Saxofón)  
José A. García García, DNI 76623447-M (Auxiliar administrativo)



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

SEGUNDO- Aprobar o gasto con cargo ás partidas presupostarias correspondentes do vixente presuposto.

TERCEIRO. - Notificar o presente acordo ós interesados, citándoos en día e hora para a formalización do correspondente contrato, facultando o Sr. Alcalde para a súa sinatura.

CUARTO. - Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos municipal, e comunicalo aos servizos económicos para ou seu coñecemento e efectos oportunos.

## **4.2.- Convocatoria proceso selectivo contratación dun monitor para as escolas deportivas municipais a media xornada (desde o 15/10/2007 ó 31/12/2007)**

Iniciado o correspondente expediente para a contratación, en réxime laboral, por obra ou servizo de duración determinada, dun monitor para realiza-las actividades de ximnasia para mulleres, terceira idade e discapacitados; sendeirismo; taichí, voleibol e psicomotricidade, nas Escolas deportivas municipais.

Visto o informe da interventora municipal de data 3/10/2007 sobre a existencia de consignación orzamentaria.

Atendendo a que estas necesidades de persoal agora evidentes poden ser perentorias a medio prazo, non se estima conveniente, de momento, a creación das devanditas prazas no equipo municipal tal e como advirte o secretario municipal (coa súa dotación orzamentaria e a súa inclusión na oferta de emprego público seguinte), polo que se considera máis idóneo a súa cobertura con carácter temporal polo prazo dun ano.

Considerando o establecido en canto ao réxime do persoal laboral ao servizo das entidades locais nos artigos 89, 90, 91 e 103 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local; no artigo 177 do RDLex. 781/86, do 18 de abril, texto refundido de réxime local; nos artigos 1, 4, 9, 10 e 25.2 da Lei 4/88, do 26 de maio, de función pública de Galicia; nos artigos 1, 20 e seguintes do Decreto 95/91, do 20 de marzo, regulamento de selección do persoal ao servizo da Administración autonómica de Galicia; e no RDLex. 1/95, do 24 de marzo, texto refundido do estatuto dos traballadores.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 h) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL): desempeñar *a xefatura de todo o persoal, e acordar o seu nomeamento.*

Considerando o disposto nos artigos 21.1 e 23,2,b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 53,2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e o decreto de alcaldía de data 29/08/2007, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA

PRIMEIRO. - Aprobar as bases reguladoras e convocar o proceso selectivo para a provisión en réxime laboral, por obra ou servizo de duración determinada, mediante concurso de méritos, dun monitor para realizar as actividades de ximnasia para mulleres, terceira idade e discapacitados; sendeirismo; taichí, voleibol e psicomotricidade, nas Escolas deportivas municipais, desde o 15 de outubro ao 31 de decembro de 2007.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

SEGUNDO. - Publicar a convocatoria no taboleiro de edictos municipal e nun xornal de ámbito provincial, e remitila á oficina de emprego para a presentación de solicitudes durante os 5 días naturais seguintes ao da publicación.

## 5. - EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

Non se tratou.

## 6. - EXPEDIENTES DE RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS ECONÓMICAS.

Non se tratou.

## 7. - ASUNTOS VARIOS.

### 7.1.- Nomeamento director obra "Acondicionamento accesos e zonas verdes no ámbito do campo de fútbol". Expte 311/18/2007.

Resultando que pola Xunta de Goberno Local de data 24/05/2007 se aprobou inicialmente o proxecto técnico de "Acondicionamento de accesos e zonas verdes no ámbito do campo de fútbol", cun período de información pública para a presentación de alegacións ou suxestións durante un prazo de 20 días dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no xornal de maior difusión na provincia.

Resultando que pola Xunta de Goberno Local de data 2/08/2007 se aprobou definitivamente o proxecto técnico de "Acondicionamento de accesos e zonas verdes no ámbito do campo de fútbol".

Considerando o disposto no artigo 110 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e no Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Nomear directora da obra "Acondicionamento de accesos e zonas verdes no ámbito do campo de fútbol", á redactora do proxecto, D<sup>a</sup> Araceli Gómez Castillo, Enxeñeiro Técnico Agrícola.

SEGUNDO. - Comunicar o presente acordo ao departamento municipal de urbanismo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

## 8.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS OFICIAIS EN DISTINTAS MATERIAS.

### 8.1.- Urbanismo e Medio Ambiente.

#### 8.1.1.- Expediente sancionador da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola xestión irregular de residuos no vertedoiro de entullos municipal.

Dase a coñecer a resolución do expediente sancionador SC/RES/36/07 da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, que impón unha sanción ó Concello de Chantada polo importe de 3.000 euros.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Sometido o asunto a votación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

ÚNICO.- Tomar razón do mesmo e comunicalo ó departamento municipal de Urbanismo para o seu coñecemento e efectos oportunos

## **8.1.2.- Solicitude asociación veciñal de Santo Tomé de Merlán de axuda para traballos de mantemento Casa Escola da parroquia.**

Dáse a coñecer a solicitude de data 3/10/2007 da Asociación veciñal de Santo Tomé de Merlán de axuda para diversos traballos de mantemento Casa Escola da parroquia.

Sometido o asunto a votación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

ÚNICO.- Tomar razón do mesmo e comunicalo ó departamento municipal de Urbanismo para o seu coñecemento e efectos oportunos

## **9. - ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha intervención.

E sendo as dezanove horas, e entendendo, cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, do que, como secretario, dou fé e certifico.